



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Expediente n.º: 9 /2000.

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

Don Luis González Vázquez.

VOCAIS:

Don Manuel Martínez Garrido.

Don Emilio Sánchez Coto.

Don José Antonio Illán Torrón.

SECRETARIO:

Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a dous de abril de dous mil dous, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas (pequena) da Delegación Provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número **9/2000** para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **“GANDERIÑA, MONTEAGUDO, PENEDIÑOS, A SERRA, ROSENDE, BOSQUE, PENASOBREIRA, PICO DA VARA, VARALONGO e CAMIÑO REAL”** no concello do **INCIO**, iniciado por acordo do Xurado coa data do **29 de marzo de 2000**, sendo vocal instructor do mesmo **DON MANUEL VEIGA FRANCO**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 15 de xuño de 2000), iniciouse o expediente número **9/2000 (por instancia de DON MANUEL GONZALO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ e cinco veciños máis)**, poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da **ACTA** da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

SEGUNDO: Coa data do 15 de xuño de 2000, recabouse do Servicio de Montes e Industrias

Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

TERCEIRO: Coa data do 1 de setembro de 2000, recibíuse certificación do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que o monte **«GANDERIÑA, MONTEAGUDO, PENEDIÑOS, A SERRA, ROSENDE, BOSQUE, PENASOBREIRA, PICO DA VARA, VARALONGO e CAMIÑO REAL»**, non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

CUARTO: Coa data do 28 de marzo de 2001 e na sesión celebrada polo Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, figura o seguinte acordo: << 4º Varios: (...) f) Monte **«GANDERIÑA, MONTEAGUDO, PENEDIÑOS, A SERRA, ROSENDE, BOSQUE, PENASOBREIRA, PICO DA VARA, VARALONGO e CAMIÑO REAL»** (expediente 9/2000), ubicado na parroquia de CUBELA do concello do INCIO. Iniciado o procedemento por acordo do Xurado na sesión celebrada coa data do vintenoventa de marzo de dous mil e por estar próximo a cumprirse o prazo dun ano previsto legalmente para a tramitación do mesmo, debido ó feito de non dispor a tempo do expediente de investigación previa (carpeta-ficha), o Xurado, por unanimidade, ACORDA ampliálo outro ano máis, de conformidade co previsto no artigo 42.6 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificado pola Lei 4/1999. >> (...)

QUINTO: Coa data do 9 de outubro de 2001 (registro de saída número 134.049, do mesmo día, mes e ano), solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **SARRIA** os documentos seguintes:

1º) certificación dos asentos que poidan afectar ó terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos; e

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.



SEXTO: Coa data do 17 de outubro de 2001, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de SARRIA, a instancia do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, relativa ó monte "GANDERIÑA, MONTEAGUDO, PENEDIÑOS, A SERRA, ROSENDE, BOSQUE, PENASOBREIRA, PICO DA VARA, VARALONGO e CAMIÑO REAL". Á vista do solicitado e examinados os libros do Arquivo dese Rexistro, resulta o seguinte:

<< **PRIMERO.** Que al folio 39 del Libro 53, Tomo 300 de Incio, figura inscrita la finca N° 4784, cuya descripción es la siguiente:

RÚSTICA.- Monte con algunos árboles al nombramiento de BOSQUE, sita en la parroquia de San Cristóbal de la Cervela, Ayuntamiento de Incio, de la superficie aproximada de unas doce fanegas, equivalente a dos hectáreas sesenta y ocho áreas y ochenta y una centiáreas. LINDA, al Norte y Oeste, finca de herederos de Sixto Pérez García, al Sur, monte y pastoreo Rega da Fonte da Poza de Manuel Rodríguez Pérez y herederos de José González Piñeiro, al Este, la misma y camino vecinal.

SEGUNDO.- DOMINIO.- Esta finca figura inscrita a favor de MANUEL RODRÍGUEZ PEREZ, por donación y a cuenta de la legítima materna y en su caso imputable a la mejora y tercio de libre disposición, con la condición de cuidar y asistir a la donante en cuanto precise, sana o enferma y pagar por su cuenta todos los gastos de entierro y funerales de la misma, según escritura otorgada el día once de Diciembre de mil novecientos sesenta y cuatro. Fecha de la inscripción 20 de Febrero de 1.965.

TERCERO.- CARGAS.- Esta finca se encuentra LIBRE DE CARGAS.

CUARTO.- Que al folio 97 del libro 37 de Incio, Tomo 201 del Archivo, figura inscrita la finca número 2.969, cuya descripción es la siguiente:

RÚSTICA.- Monte robleda del BOSQUE, radicante en términos de la parroquia de San Cristóbal de la Cervela, municipio de Incio y forma parte del lugar o Coto Castragude, de veinte fanegas de medidas. LINDA al Norte, camino público, Sur y Este, monte y labradío de José González y al Oeste, varias fincas de Manuel Pérez López.

QUINTO.- DOMINIO.- Esta finca figura inscrita a favor de **MANUEL PEREZ LÓPEZ**, según expediente promovido ante el Juzgado municipal de Incio de fecha 21 de Noviembre de 1899, dictado por el Juez de dicho Juzgado, David Ledo Macia. Fecha de la inscripción 6 de Diciembre de 1899.

SEXTO.- CARGAS, Dicha finca se encuentra **LIBRE DE CARGAS**.

SEPTIMO.- Que al folio 2 del libro 52 de Incio, Tomo 297 del Archivo, figura inscrita la finca 4522, cuya descripción es la siguiente:

RÚSTICA.- PICO DA VARA, monte a carrascal, sita en la parroquia de Cubela, municipio de Incio, de la extensión aproximada de una hectárea. **LINDA,** al Norte, propiedad de Casas de Amedo, al Sur, con las de Pedro Buján y otros, al Este, de Amedo y otros y al Oeste, de Amedo y Pena Mayor.

OCTAVO.- DOMINIO.- Esta finca figura inscrita a favor de el **AYUNTAMIENTO DE INCIO**, según certificación expedida el día veintisiete de Agosto de mil novecientos cincuenta y ocho, por el Secretario del Ayuntamiento de Incio, Ramón Merenguer Portelés. Fecha de la inscripción 17 de septiembre de 1958.

NOVENO.- CARGAS. Dicha finca se encuentra **LIBRE DE CARGAS**.

DÉCIMO.- Que al folio 214 del libro 57 de Incio, Tomo 364 del Archivo, figura inscrita la finca número 5694, cuya descripción es la siguiente:

RÚSTICA.- CAMIÑO REAL, sita en el lugar de Pedragosa, parroquia de San Cristóbal de la Cervela, municipio de Incio, a pastizal, de la superficie aproximada de tres ferrados, igual a dieciseis áreas y setenta y siete centiáreas. **LINDA,** al Norte y Sur, de herederos de Ramón Sánchez, al Este, de Mercedes Losada Fernández y al Oeste, de María Edita Arias Pallín.

DECIMOPRIMERO.- DOMINIO.- Esta finca figura inscrita a favor de **MARIA EDITA ARIAS PALLÍN** casada con **JOSÉ NÚÑEZ GONZÁLEZ**, con carácter presuntivamente ganancial, según escritura otorgada en Sarria, el día diez de Mayo de mil novecientos noventa y



tres, ante el Notario de dicha Villa, Vicente Nieto Olano, número 258 de protocolo, Fecha de la inscripción 19 de junio de 1.995.

DUODÉCIMO.- CARGAS.- Dicha finca se encuentra LIBRE DE CARGAS.

Respecto de las fincas denominadas **GANDERIÑA, PENEDIÑOS, PENASOBREIRA, VARALONGO y ROSENDE**, no aparecen con esa denominación inscritas en este Registro y respecto de las denominadas **MONTEAGUDO** aparecen tres fincas de igual denominación, pero situadas en parroquias distintas a la que se cita en la presente instancia, concretamente dos, en la parroquia de San Esteban de Eirejalba y otra en la parroquia de San Esteban de Villasoto; respecto de la denominada **A SERRA** aparecen cuatro fincas de igual denominación, pero situadas también en parroquias distintas de la que se cita en la presente instancia concretamente una en la parroquia de San Miguel de Villademoros, otra en la parroquia de Santo Tomás de Castelo, y las dos últimas en la parroquia de San Martín de Layosa; respecto de la denominada **BOSQUE**, aparece una finca con la misma denominación pero situada en parroquia distinta de la que se cita en la presente instancia concretamente en la parroquia de Santa María del Mao, todas ellas del municipio de Incio. >>

SÉTIMO: Coa data do 2 de novembro de 2001, comunicóuselle ó Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, a iniciación do expediente.

OITAVO: Coa data do 2 de novembro de 2001 (registro de saída número 149.735, do día 6 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de **SARRIA** a iniciación do expediente e solicitouse **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

NOVENO: Coa data do 2 de novembro de 2001 (registros de saída números 149.737 e 149.741, do día 6 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó concello do **INCIO** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertence o devandito monte.

DÉCIMO: Coa data do 2 de novembro de 2001 (registro de saída número 149.746, do día 6 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó solicitante da clasificación **DON MANUEL GONZALO**

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, a iniciación do expediente.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 2 de novembro de 2001 (rexistros de saída números 149.747, 149.749 e 149.751, do día 6 do mesmo mes e ano), comunicouse a iniciación do expediente a **DON MANUEL RODRÍGUEZ PÉREZ, DON MANUEL PÉREZ LÓPEZ e DONA MARÍA EDITA ARIAS PALLÍN (titulares de propiedades inscritas no Rexistro da Propiedade de Sarria – ver antecedente de feito SEXTO).**

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 5 de novembro de 2001 (registro de saída número 150.153, do día 7 do mesmo mes e ano), remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 5 de novembro de 2001 (registro de saída número 150.147, do día 7 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó alcalde pedáneo ou de barrio da parroquia de **CUBELA**, no concello do **INCIO**, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estudie o expediente do monte **“GANDERIÑA, MONTEAGUDO, PENEDIÑOS, A SERRA, ROSENDE, BOSQUE, PENASOBREIRA, PICO DA VARA, VARALONGO e CAMIÑO REAL”**, (con voz pero sen voto).

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 16 de novembro de 2001 (registro de entrada número 206.546), recibíuse comunicación da comunidade de veciños da parroquia de **CUBELA**, concello do **INCIO**, na que como vocais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos os seguintes veciños:

DON SANTIAGO LÓPEZ VÁZQUEZ.

DON AVELINO PÉREZ CASTRO.

DÉCIMO QUINTO: Coa data do 7 de decembro de 2001, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número 236, páxina 15.571, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte **“GANDERIÑA, MONTEAGUDO, PENEDIÑOS, A SERRA, ROSENDE, BOSQUE, PENASOBREIRA, PICO DA VARA, VARALONGO e CAMIÑO REAL ”.**



DÉCIMO SEXTO: Coa data do 12 de decembro de 2001, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de **SARRIA**, na que se fai consta-las anotacións preventivas feitas polo mesmo (letras A, predios 6.359 ó 6.365, libro 62 do concello do Incio, folios 52 ó 58, tomo 415 do arquivo).

DÉCIMO SÉTIMO: Coa data do 21 de decembro de 2001 (registro de entrada número 228.955), recibíuse certificación do concello do **INCIO**, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no taboleiro de anuncios dese concello, nos lugares de costume e nos lugares da parroquia de **CUBELA**, durante o prazo de 30 días hábiles.

DÉCIMO OITAVO: Non se recibiu ningunha reclamación relativa á posible clasificación do monte "**GANDERIÑA, MONTEAGUDO, PENEDIÑOS, A SERRA, ROSENDE, BOSQUE, PENASOBREIRA, PICO DA VARA, VARALONGO e CAMIÑO REAL**", como monte veciñal en man común.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- No monte "**GANDERIÑA, MONTEAGUDO, PENEDIÑOS, A SERRA, ROSENDE, BOSQUE, PENASOBREIRA, PICO DA VARA, VARALONGO e CAMIÑO REAL**", cabe distinguir o seguinte:

- Parte do monte que se solicita clasificar como veciñal en man común polos veciños da parroquia de **CUBELA**, en concreto 10,23 hectáreas da parcela "**PENASOBREIRA**" e 6 hectáreas da parcela "**A SERRA**", foi clasificado coa data do 29 de outubro de 1976 como monte veciñal en man común "**DE CERVELA**" (expediente 133/75), pertencente ós veciños da parroquia de **CERVELA** no concello do **INCIO**, respetándose como límite entre as devanditas parroquias, o que figura no expediente de investigación previa (carpeta-ficha).

- Ámbalas dúas comunidades manifestan estar de acordo nun novo límite entre parroquias, que non coincidiría co fixado no expediente do monte "**DE CERVELA**", polo que se estima procede

clasifica-lo monte da parroquia de **CUBELA**, de acordo con esta nova delimitación, agás parte das dúas parcelas referidas anteriormente que se atopan clasificadas para a parroquia de **CERVELA**, por ser firme a resolución coa data do 29 de outubro de 1976 pola que se acordou a súa clasificación.

- O monte **“GANDERIÑA, MONTEAGUDO, PENEDIÑOS, A SERRA, ROSENDE, BOSQUE, PENASOBREIRA, PICO DA VARA, VARALONGO e CAMIÑO REAL”** (agás parte das dúas parcelas xa citadas con anterioridade), reviste o carácter de veciñal en man común conforme ó disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, resolve:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: **“GANDERIÑA, MONTEAGUDO, PENEDIÑOS, A SERRA, ROSENDE, BOSQUE, PENASOBREIRA, PICO DA VARA, VARALONGO e CAMIÑO REAL”.**

Pertenza: veciños da parroquia de Cubela.

Concello: O Incio.

Superficie total: 70 hectáreas.

Estremas da parcela Ganderiña - 5,36 hectáreas:

Norte: predios particulares da parroquia de Cubela. **Leste:** predios particulares e camiño en desuso.

Sur e Oeste: predios particulares e estrada local de Cubela a Cervela.

Estremas da parcela Monteagudo - 3,18 hectáreas:

Norte, Leste e Sur: predios particulares. **Oeste:** estrada local de Cubela a Cervela.

Estremas da parcela Penediños - 1,87 hectáreas:

Norte e Oeste: camiño público. **Leste:** camiño público que chega en vértice á estrada local de Cubela a Cervela. **Sur:** camiño público e predios particulares.

Estremas da parcela A Serra - 15,40 hectáreas:

Norte: predios particulares. **Leste:** predios particulares e camiño público. **Sur:** monte veciñal en man



común de Cervela, cabarca divisoria con predios particulares e camiño público. **Oeste:** camiño público, predios particulares e monte veciñal en man común de Cervela.

Estremas das parcelas Rosende, Bosque e Penasobreira - 5 hectáreas:

Norte: predios particulares. **Leste:** parcela A Serra e predios particulares separadas en parte do monte veciñal por muros e cabarcas. **Sur:** termo municipal de Bóveda e predios particulares. **Oeste:** monte veciñal en man común de Cervela e predios particulares.

Estremas das parcelas Pico da Vara e Varalongo - 38, 40 hectáreas:

Norte: predios particulares. **Leste:** predios particulares con cabarcas divisorias. **Sur:** termo municipal de Bóveda. **Oeste:** predios particulares con cabarcas divisorias.

Estremas da parcela Camiño Real - 0,79 hectáreas:

Norte, Leste, Sur e Oeste: muro divisorio con predios particulares.





DON CARLOS FERNÁNDEZ VALDIVIELSO, XEFE DO SERVIZO TÉCNICO-XURÍDICO DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, SECRETARIO DO XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE LUGO,

CERTIFICO:

- a. Que no expediente de clasificación nº 9/2000, referente ó monte: “**DE CUBELA**” (parcelas: **Ganderiña, Monteagudo, Penediños, A Serra, Rosende, Bosque, Pico da Vara, Varalongo e Camiño Real**), ubicado no concello de **O INCIO**, figura **RESOLUCIÓN** coa data do dous de abril de dous mil dous, acordando a clasificación deste monte como veciñal en man común.
- b. Que na sesión celebrada polo Xurado provincial coa data do doce de decembro de dous mil dous, figura o acordo seguinte:

<< 4º Recursos de reposición:

- b) **Monte: “GANDERIÑA, MONTEAGUDO, PENEDIÑOS, A SERRA, ROSENDE, BOSQUE, PENASOBREIRA, PICO DA VARA, VARALONGO E CAMIÑO REAL” (expediente 9/2000)**, pertencente ós veciños da parroquia de **CUBELA**, no concello do **INCIO**, e clasificado como veciñal en man común pola resolución do Xurado Provincial coa data do dous de abril de dous mil dous.
- Na sesión celebrada coa data do catro de xullo de dous mil dous, o Xurado, previo examen do recurso potestativo de reposición interposto por **DON SANTIAGO LÓPEZ VÁZQUEZ** (en representación de varios veciños), contra a resolución de clasificación, acordou solicitar ó Servizo de Montes e Industrias Forestais, informe complementario como trámite previo á resolución do recurso interposto.
- Recibido e examinado o devandito informe, e aceptando o seu contido, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA**, estima-lo recurso de reposición interposto, modificando a resolución de clasificación, quedando as características do monte do xeito que a seguir se describen:

Nome: “DE CUBELA” (parcelas: Ganderiña, Monteagudo, Penediños, A Serra, Rosende, Bosque, Pico da Vara, Varalongo e Camiño Real)

Pertenza: Comunidade de veciños da parroquia de Cubela

Concello: O Incio

Superficie total: 42,98 hectáreas

Estremas da parcela Ganderiña : 3,92 hectáreas:

Norte: predios particulares da parroquia de Cubela. Leste: predios particulares camiño en desuso. Sur e oeste: predios particulares e estrada local de Cubela e Cervela.

Estremas da parcela Monteagudo: 0,88 hectáreas:

Norte, leste e sur: predios particulares. Oeste: estrada local de Cubela e Cervela.

Estremas da parcela Penediños : 1,33 hectáreas

Norte e sur: camiño público e predios particulares. Leste: camiño público que chega en vértice á estrada local de Cubela e Cervela. Oeste: camiño público



Estremas da parcela Varalongo : 20,91 hectáreas.

Norte e oeste: predios particulares. Leste: predios particulares con cabarcas divisorias. Sur: termo municipal de Bóveda. (Faise constar que para marcar o límite entre os concellos de Bóveda e do Incio, utilizáronse as Bases Catastrais actuais, pero en todo caso, respectarase a delimitación entre concellos do Instituto Xeográfico Nacional, polo que a superficie desta parcela pode variar en función desta delimitación)

Estremas da parcela Pico da Vara : 6,66 hectáreas:

Norte, sur e oeste: predios particulares. Leste: predios particulares con cabarcas divisorias.

Estremas da parcela A Serra : 6,55 hectáreas:

Norte e oeste: predios particulares. Leste: predios particulares e camiño público. Sur: predios particulares, e monte veciñal en man común de Cervela.

Estremas das parcelas Rosende e Bosque : 1,94 hectáreas:

Norte, leste, sur e oeste: predios particulares.

Estremas da parcela Camiño Real : 0,79 hectáreas:

Norte, leste, sur e oeste: muro divisorio con predios particulares.

- c. Que na sesión celebrada polo Xurado Provincial coa data do once de xuño de dous mil tres, figura o acordo seguinte:

<< 4º.- Varios

(...)

- f) Monte: "**DE CUBELA**" (expediente 9/2000), pertencente ós veciños da parroquia de CUBELA do concello do **INCIO** e clasificado como veciñal en man común por resolución do xurado provincial con data 2 de abril de 2002.

Na sesión celebrada con data 12 de decembro de 2002, acordouse estima-lo **recurso de reposición interposto por DON SANTIAGO LÓPEZ VÁZQUEZ** (en representación de varios veciños), modificando a resolución de clasificación, de conformidade co solicitado polos recurrentes.

Con data 5 de marzo de 2003, ten entrada **escrito de DON RICARDO COPA CASTRO** no que manifesta que, por erro, na resolución do devandito recurso, unha parcela da súa propiedade quedou incluída dentro da superficie clasificada na parcela denominada "**GANDERIÑA**".

Examinada esta reclamación e unha vez realizada-las comprobacións oportunas, o xurado, por unanimidade, **ACORDA**, apreciando a veracidade do exposto, corrixi-lo plano correspondente, excluindo do mesmo o predio reclamado por **DON RICARDO COPA CASTRO**, en base ás facultades atribuídas polo artigo 105.2 da Lei de procedemento administrativo.

- c. Que estes acordos son firmes por non interperse ningún recurso en contra dentro dos prazos legais.



- d. Que tendo en conta o derradeiro acordo, o monte queda clasificado coas seguintes características:

Nome: "DE CUBELA" (parcelas: Ganderiña, Monteagudo, Penediños, A Serra, Rosende, Bosque, Pico da Vara, Varalongo e Camiño Real)
Pertenza: Comunidade de veciños da parroquia de Cubela
Concello: O Incio
Superficie total: 42,083 hectáreas

Estremas da parcela Ganderiña : 3,023 hectáreas:

Norte: predios particulares da parroquia de Cubela. **Leste:** predios particulares camiño en desuso. **Sur e oeste:** predios particulares e estrada local de Cubela e Cervela.

Estremas da parcela Monteagudo: 0,88 hectáreas:

Norte, leste e sur: predios particulares. **Oeste:** estrada local de Cubela e Cervela.

Estremas da parcela Penediños : 1,33 hectáreas

Norte e sur: camiño público e predios particulares. **Leste:** camiño público que chega en vértice á estrada local de Cubela e Cervela. **Oeste:** camiño público

Estremas da parcela Varalongo : 20,91 hectáreas.

Norte e oeste: predios particulares. **Leste:** predios particulares con cabarcas divisorias. **Sur:** termo municipal de Bóveda. (Faise constar que para marcar o límite entre os concellos de Bóveda e do Incio, utilizáronse as Bases Catastrais actuais, pero en todo caso, respectarase a delimitación entre concellos do Instituto Xeográfico Nacional, polo que a superficie desta parcela pode variar en función desta delimitación)

Estremas da parcela Pico da Vara : 6,66 hectáreas:

Norte, sur e oeste: predios particulares. **Leste:** predios particulares con cabarcas divisorias.

Estremas da parcela A Serra : 6,55 hectáreas:

Norte e oeste: predios particulares. **Leste:** predios particulares e camiño público. **Sur:** predios particulares, e monte veciñal en man común de Cervela.

Estremas das parcelas Rosende e Bosque : 1,94 hectáreas:

Norte, leste, sur e oeste: predios particulares.

Estremas da parcela Camiño Real : 0,79 hectáreas:

Norte, leste, sur e oeste: muro divisorio con predios particulares.



**XUNTA
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
DELEGACIÓN PROVINCIAL**



Ronda Muralla, 70 - baixo 2º - 27071 LUGO


E para que conste, para a súa **unión ó expediente 9/2002** expido o presente certificado co visto e prace do Sr. Delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente, presidente do xurado, en Lugo, a vinteún de xaneiro de dousmil catro.


V. e Pr.

**O DELEGADO PROVINCIAL
PRESIDENTE DO XURADO**




Asdo.- Luis González Vázquez





CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
 Delegación Provincial de Lugo
 Servicio de Montes e Industrias Forestais

Monte Vecinal en Mano Común de los Vecinos de Cubela



Escala = 1:2.000

Parcela "GANDERIÑA"
 Superficie: 3'92 ha
 3'023

Lugo, octubre de 2002


O Enxeñeiro de Montes

[Signature]

Fdo. R. Ignacio Sánchez Álvarez

DE BOVEDA

TERMINO MUNICIPAL



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
 Delegación Provincial de Lugo
 Servicio de Montes e Industrias Forestais

Monte Vecinal en Mano Común de los Vecinos de Cubela




Escala = 1:2.000

Parcela "ROSENDE" y "BOSQUE". Superficie: 1'94 ha

Lugo, octubre de 2002
 O Enxeñeiro de Montes
 Fdo: R. Ignacio Sánchez Álvarez





CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Delegación Provincial de Lugo
Servicio de Montes e Industrias Forestais

Monte Vecinal en Mano Común de los Vecinos de Cubela



Escala = 1:2.000




Parcela "MONTEAGUDO"
Superficie: 0'88 ha

Lugo, octubre de 2002


Erxeñeiro de Montes

Fdo: R. Ignacio Sánchez Álvarez





	<p>CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE</p> <p>DELEGACION PROVINCIAL DE LUGO</p> <p>Servicio de Montes e Industrias Forestais</p>
	<p>Lugo, octubre de 2002</p> <p>O Enxeñeiro de Montes</p> <p>Fdo. R. Iglesias Sánchez Álvarez</p> 
<p>MONTE : " M.V.M.C. DE CUBELA "</p> <p>Nombre Parcela: Camiño Real</p> <p>Término Municipal : O Incio</p> <p>Superficie parcela Camiño Real..... 7.870 m2</p>	



DE BOVEDA

MONTE COMUN

P.4

VARALONGO

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Delegación Provincial de Lugo
Servicio de Montes e Industrias Forestais

al en Mano Común de los Vecinos de Cubela

Parcela "VARALONGO". Superficie: 20'91 ha
Parcela "PICO DA VARA". Superficie: 6'66 ha
Parcela "PENEDIÑOS". Superficie: 1'33 ha

